

ANEXO I. Formulario de solicitude (BORRADOR)

| PROCEDEMENTO | DOCUMENTO |
|--|------------|
| Repositorio de proxectos TeCe Redes en galego (TCR) ao abeiro do Fondo Xacobeo 21-22 | SOLICITUDE |

IMPORTANTE

- Este anexo **é un borrador non válido para presentar** que debe:
 - 1.º Cubrirse cunha aplicación en liña, accesible a través da ligazón publicada na web da SXPL (www.lingua.gal), no apartado de información do repositorio TeCe Redes en galego.
 - 2.º Descargarse nun documento .pdf mediante a devandita aplicación.
 - 3.º Anexarse ao procedemento PR004A, **sen cambiarlle o nome ao arquivo**.
- Aconséllase que **consulte nas bases e na Guía do procedemento** os detalles dos apartados que hai que cubrir.
- Os campos marcados con * son **obrigatorios**. No caso de que non se cubran, entenderase que este anexo non cumpre os requisitos mínimos e a solicitude será excluída.
- Moitos campos teñen un tamaño máximo de caracteres. Indícanse en liñas (1 liña equivale a 100 caracteres). En LibreOffice pode contar caracteres con: Menú>Ferramentas>Contar palabras.
- Aconséllase que prepare a información para trasladala ao formulario nun documento á parte.

1. DATOS XERAIS DO PROXECTO

| | |
|--|--|
| Código identificador da solicitude (cuberto pola aplicación automaticamente): | |
|--|--|

| | |
|---|--|
| PERSOA SOLICITANTE | |
| NIF da persoa solicitante* : (Debe coincidir co NIF do PR004A) | |

| | |
|---|--|
| MODALIDADES DO PROXECTO | |
| A) Modalidades ás que presenta o proxecto* | |
| Sinala as modalidades de formato que inclúa o proxecto (resposta múltiple). A descrición detallada das modalidades recóllese nas bases da convocatoria. | |
| <input type="checkbox"/> Modalidade 1. Proxecto dixital (creacións dixitais que se entregan mediante unha ligazón) | |
| <input type="checkbox"/> Modalidade 2. Proxecto presencial (actividades con presenza directa de público) | |
| B) Modalidade principal de maior peso orzamentario* (resposta única das marcadas anteriormente) | |
| <input type="radio"/> Modalidade 1. Proxectos dixitais | |
| <input type="radio"/> Modalidade 2. Proxectos presenciais | |

| | |
|---|--|
| INFORMACIÓN BÁSICA DO PROXECTO | |
| Título do proxecto* : (Máximo 1 liña) | |
| Descrición breve do proxecto* : (resumo, sinopse ou descrición do proxecto e debe facer fincapé en como dinamizará o uso da lingua galega entre o público destinatario) (Máximo 8 liñas) | |
| Persoas destinatarias do proxecto* : (marque as opcións que correspondan) | <input type="checkbox"/> Nenos/as de 0 a 3 anos <input type="checkbox"/> Nenos/as de 4 a 6 anos |

- | |
|--|
| <input type="checkbox"/> Nenos/as de 7 a 11 anos <input type="checkbox"/> Adolescentes de 12 a 18 anos <input type="checkbox"/> Xuventude adulta de 19 a 30 anos ou máis <input type="checkbox"/> De ser o caso, acompañantes de menores de 0-12 anos |
|--|

2. DATOS TÉCNICOS

| |
|---|
| 2.1 MEMORIA TÉCNICA E DESCRIPTIVA: (consulte a descrición detallada nas bases da convocatoria) |
| A) Traxectoria profesional da persoa solicitante (entidade ou persoa)* (Máximo 25 liñas): |
| B) Contextualización do proxecto para o cumprimento dos obxectivos e a súa viabilidade para dinamizar o uso da lingua* (Máximo 25 liñas): |
| C) Descrición técnica do proxecto* (Máximo 200 liñas): |
| D) Outra información que axude á descrición e á valoración do proxecto (Máximo 50 liñas): (Para proxectos que contén cunha parte presencial, son de obrigada referencia neste apartado as alternativas de execución): |

3. DATOS DO ORZAMENTO

Escriba o resumo do orzamento só con números (con 2 decimais, sen puntos e sen os símbolos € e %).

| Resumo por modalidade | Modal. 1 (Dixital) | Modal. 2 (Presencial) |
|----------------------------|--------------------|-----------------------|
| A) Base imponible (€) * | | |
| B) Tipo de IVE (%) * | | |
| C) Total IVE (€) (A x B) * | | |
| D) Subtotais (€) (A + C) * | | |

E) Importe total do proxecto (€) * (suma dos subtotais D)

| Retención (* no caso de que deba ser aplicado: profesionais autónomos etc.) | Modal. 1 (Dixital) | Modal. 2 (Presencial) |
|---|--------------------|-----------------------|
| F) Porcentaxe de retención do IRPF (%): | | |
| G) Retención do IRPF (€) (A x F): | | |
| H) Importe líquido que se percibirá (€) (D – G): | | |

| | |
|---|--|
| I) Importe total líquido que se percibirá (€) (sumas dos líquidos H): | |
|---|--|

4. DATOS DOS RESULTADOS

Sinale as seguintes características das obras/produtos que resulten do proxecto.

| Modalidade 1. Proxecto dixital (* se hai esta modalidade) | | |
|---|------------------------------|-------------------------------|
| Tipo de creación | N.º de obras diferentes (*1) | N.º de minutos das obras (*2) |
| Vídeos: animación, documental, ficción, videoclip etc. | | |
| Audios, cancións, contos, podcast etc. | | |
| Libro dixital (pdf, EPUB) (*3) | | |
| Serie (de varios: vídeos, audios etc.) (*4) | | |
| Outros: | | |
| (*1) N.º total de obras/produtos diferentes (*2) N.º total de minutos das obras/produtos (duración total mínima) (*3) Nos libros, as columnas son: número de obras diferentes e número mínimo de páxinas (*4) Nas series, as columnas son: número total de capítulos/episodios e número total de minutos | | |

Elenco dos principais participantes: nome, función (director/a, realizador/a, guionista, actor/actriz, locutor/a, presentador/a, autor/a, ilustrador/a)

| Modalidade 2. Proxecto presencial (* se hai esta modalidade) | | | |
|---|-------------------------|--------------------------------|------------------------------------|
| Tipo de creación | N.º de obras diferentes | N.º de sesións/actuacións (*1) | N.º de localidades diferentes (*2) |
| Teatro | | | |
| Obradoiros | | | |
| Actos, eventos, charlas | | | |
| Contacontos, monólogos | | | |
| Espectáculos (monicreques, pallasos, maxia, música etc.) | | | |
| Outros: | | | |
| (*1) N.º total de sesións/actuacións (*2) N.º máximo de localidades diferentes | | | |

Elenco dos principais participantes: nome, función (director/a, realizador/a, guionista, actor/actriz, locutor/a, presentador/a, autor/a, ilustrador/a)

5. DECLARACIÓN RESPONSABLE

Si, declaro responsablemente *:

1. Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable e respondo da súa veracidade.
2. Que a persoa solicitante –física ou xurídica– ten plena capacidade de obrar e que non está incurso en ningunha prohibición para contratar.
3. Que a persoa solicitante ten o seu domicilio fiscal na Comunidade Autónoma de Galicia e que a súa actividade profesional ou o seu obxecto social inclúe a dinamización da lingua galega.
4. Que a persoa solicitante non recibiu ningunha axuda ou subvención de órganos da Administración xeral da Xunta de Galicia ou das entidades instrumentais deles dependentes, así como doutras administracións públicas ou de entidades privadas para o mesmo obxecto susceptible de ser contratado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística ao abeiro das bases da convocatoria.
5. Que a persoa solicitante, en caso de ser seleccionada, estará ao día no pagamento das obrigas fiscais, tributarias e da Seguridade Social que lle correspondan no momento de formalizar a adjudicación do proxecto que corresponda.
6. Que a persoa solicitante terá a alta como empresa ou profesional autónomo no caso de ser seleccionada.
7. Que a persoa física solicitante, en caso de ser seleccionada para realizar un proxecto presencial, disporá dunha póliza de seguro de responsabilidade civil durante a duración do contrato que cubrirá os danos persoais e materiais e as perdas consecutivas ocasionadas ao público asistente e/ou a terceiras persoas e aos seus bens, sempre que os danos e as perdas sexan producidos como consecuencia do desenvolvemento do espectáculo cultural, evento ou actividade contratada.

6. OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS

Si, opóñoome á consulta de datos.

De acordo co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que constan en poder das administracións públicas e os que se me requiran no marco deste procedemento sexan consultados directamente pola Administración contratante e, polo tanto, comprométome a achegar, antes de formalizar o expediente de contratación, de ser o caso, a documentación que me requiran relativa a:

- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das obrigas tributarias coa Comunidade Autónoma, emitido pola Axencia Tributaria de Galicia (Atriga).

7. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

| | |
|---------------------------------|--|
| Responsable do tratamento | Xunta de Galicia. Consellería ou organismo ao que se dirixe esta solicitude. |
| Finalidades do tratamento | A tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. |
| Lexitimación para o tratamento | O cumprimento dunha tarefa en interese público ou o exercicio de poderes públicos, segundo a normativa recollida na páxina: https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos Consentimento das persoas interesadas, cando corresponda. |
| Persoas destinatarias dos datos | As administracións públicas, no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e a resolución dos seus procedementos ou para que as persoas interesadas poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia. |
| Exercicio de dereitos | As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na |



| | |
|--|---|
| | normativa reguladora do procedemento administrativo común. |
| Contacto do delegado de protección de datos e máis información | https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos |

SECRETARÍA XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA - CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

BORRADOR